

**PROGRAMA ERASMUS – PRÁCTICAS  
CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES PARA  
PRÁCTICAS EN EMPRESAS EN EUROPA  
Curso 2008 - 2009**

**Obxecto**

A USC, a través da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, convoca 30 bolsas no marco do Programa Erasmus, para a realización de prácticas en **empresas, centros de formación, centros de investigación ou outras organizacións** en Europa.

**Duración do período de prácticas**

O período de prácticas no estranxeiro terá unha duración mínima de 3 meses e máxima de 6 meses (agás para as titulacións cuxos plans de estudos integren as prácticas cunha duración determinada), e deberá realizarse nunha empresa elixible<sup>1</sup> de calquera país membro da UE, países da AELC/EEE (Islandia, Liechtenstein e Noruega) ou países asociados (Bulgaria, Romanía e Turquía).

As estadias poderán iniciarse a partires do 1 de Xaneiro de 2009 e terán que estar rematadas antes do 30 de Setembro de 2009.

**Importe das axudas**

As 30 prazas ofertadas serán financiadas con fondos procedentes do Programa Erasmus, calculándose a contía por estadia en función do país de destino (distínguense dous grupos de países: Grupo A e Grupo B) segundo os criterios establecidos na seguinte táboa:

ESTADÍA	Aplicarase unha axuda mensual por importe de:	
	1º mes	De 2º mes en adiante
En países Grupo A	628,00 €	440,00 €
En países Grupo B	420,00 €	356,00 €

**Países Grupo A (índice de custo de vida maior de 90 €)**

*Bélxica, Rep. Checa, Dinamarca, Alemaña, Grecia, Francia, Irlanda, Italia, Chipre, Luxemburgo, Países Baixos, Austria, Portugal, Eslovaquia, Finlandia, Suecia, Reino Unido, Islandia, Liechtenstein e Noruega*

**Países Grupo B (índice de custo de vida menor de 90 €)**

*Bulgaria, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Romanía, Eslovenia e Turquía*

<sup>1</sup> Considerarase elixibles como empresas de acollida a todas aquelas entidades que cumpran a definición de empresa. Por "empresa" se entende calquera entidade que desempeñe unha actividade económica no sector público ou privado, independentemente do seu tamaño, o seu estatus xurídico ou do sector económico no que exerza a súa actividade, incluída a economía social (base legal, Art. 2, nº 25). As Institucións de Educación Superior están incluídas nesta definición.

Estas axudas teñen como finalidade contribuír a sufragar os gastos adicionais derivados da mobilidade dos estudantes e a súa estadía no estranxeiro, principalmente gastos de viaxe e de manutención.

### Requisitos dos estudantes

Poderán optar ás prazas ofertadas os estudantes que cumpran todas as condicións esixidas polo seu Centro para poder realizar prácticas en empresas, ademais dos seguintes requisitos:

- a.- Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no Programa Erasmus ou estar recoñecido polo país no que reside como refuxiado, apátrida ou residente permanente.
- b.- Estar matriculado nun programa de estudos oficial da USC, incluídos os estudos de Posgrao e Doutoramento, tanto no momento de presentar a solicitude como durante todo o período de prácticas.
- c.- Ter superado, como mínimo, o 50% dos créditos correspondentes á súa titulación.
- d.- Non ter participado con anterioridade no Programa Leonardo da Vinci.

### Prazas elixibles

O alumno poderá

- a.- propoñer unha empresa de fóra de España da súa elección para a realización das prácticas ou
- b.- elixir a empresa entre as ofertadas pola Vicerreitoría de Relacións Institucionais. No mes de Xaneiro publicarase unha listaxe de empresas europeas que oferta a USC.

Non se consideran entidades de acollida elixibles os seguintes tipos de organizacións: Institucións oficiais da UE, Organizacións encargadas de xestionar programas da EU, A representación diplomática do país do estudante no país de acollida.

### Recoñecemento Académico

As prácticas serán recoñecidas e incluíranse no expediente académico do estudante segundo o disposto no Regulamento de Prácticas da USC.

O período de prácticas no estranxeiro debe constituír unha parte integrante do programa académico da USC ou un complemento práctico ao plan de estudos.

No caso de que o período de prácticas non forme parte do plan de estudos do estudante a institución de orixe debe recoñecer este período como mínimo facendo constar a devandita información no Suplemento Europeo ao Título.

O recoñecemento unicamente poderá ser rexeitado se o estudante non alcanzase o nivel profesional requirido pola empresa de acollida.

### Acordo de Formación

O acordo de Formación individualizado para cada estudante debe ser elaborado pola USC e constituíe a principal garantía do programa de prácticas Erasmus. Ambos deben estar asinados polas tres partes implicadas: o estudante, a empresa ou institución de acollida e a USC.

No devandito Acordo debe detallarse o programa de tarefas ou de traballo que se levará a cabo, os resultados da aprendizaxe en materia de coñecementos, as competencias e capacidades que deben adquirirse, as disposicións relativas á titoría, a correspondencia do período de prácticas realizado coa titulación que estea realizando o estudante.

As posibles modificacións do Acordo deben realizarse no prazo dun mes a partir da chegada do estudante ao seu destino.

O Acordo de Formación e o Compromiso de Calidade pódense atopar no seguinte enlace:

<http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/erasmus/documentos.html>

Anexo V, V.1.

### **Procedemento de solicitude**

#### **Documentación:**

- a.- Modelo de solicitude adxunto.
- b.- No caso de que o alumno propoña unha empresa da súa elección, carta de aceptación da empresa de destino, indicando as datas previstas para a realización da actividade.
- c.- Acreditar adecuadamente o nivel lingüístico en inglés, francés, etc.

Toda a documentación e información sobre o programa Erasmus, en particular a relativa ás prácticas de estudantes en empresas, pódese consultar no seguinte enderezo web:

<http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/erasmus/presentacion.html>

#### **Presentación da documentación:**

As solicitudes dirixiranse a Oficina de Relacións Exteriores

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. De Benigno Pardo Ouro s/n Lugo). Tamén poderá presentarse nas formas e lugares establecidos na lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **Información**

Ext. 23596/ 23569. e-mail: [relext@usc.es](mailto:relext@usc.es)

#### **Período de solicitude**

Do 16 de decembro de 2008 ao 30 de decembro de 2008.

No caso de non esgotarse as prazas vacantes coa primeira selección realizada, convocarase unha segunda convocatoria no mes de febreiro.

A Comisión de Selección publicará, nos 10 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes no taboleiro da Reitoría (Colexio de San Xerome), no da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e na páxina web <http://www.usc.es/ore>, a relación de aspirantes admitidos e excluídos. Para emendar os defectos da publicación anterior os aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo

### **Procedemento de resolución e criterios de selección**

Na selección de alumnos considerarase os seguintes criterios:

- a.- Solicitudes presentadas polo alumnado que participe por primeira vez en convocatorias de prácticas Erasmus.
- b.- Coñecemento do idioma de traballo na empresa ou institución de acollida (valorarase a posibilidade de facer unha proba de idioma).
- c.- Teranse en conta os resultados académicos do candidato e a súa motivación (valorarase positivamente que o alumno propoña unha empresa europea).

**Débese ter en conta ademais que para a asignación de beneficiarios respectarase a selección realizada pola empresa ou institución de acollida, considerando a dispoñibilidade dos solicitantes.**

Finalizada a fase de valoración, a Comisión de Selección elaborará unha proposta de resolución dos alumnos seleccionados e dos suplentes. A resolución faraa o Vicerreitor de Relacións Internacionais en virtude da resolución reitoral de 31 de xullo de 2007 de delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG 19/09/07). O prazo máximo de resolución será de 1 mes contado a partir do día seguinte á data de remato do prazo de presentación de solicitudes. O efecto do silencio administrativo será desestimado.

Contra esa proposta os interesados poderán presentar reclamación no prazo de 10 días, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo, e analizadas, de ser o caso, as reclamacións, o Vicerreitor de Relacións Institucionais resolverá definitivamente por delegación do Reitor da Universidade"

### **Obrigas dos beneficiarios**

- a.- Cumprir cos compromisos adquiridos a través do Compromiso de Calidade en canto ao programa acordado durante a súa estada na empresa de destino, respectar as normas vixentes na institución ou empresa de destino.
- b.- A efectos de xustificación de gastos, cada estudante que se beneficie dunha destas axudas deberá presentar facturas e comprobantes orixinais dos gastos reais ocasionados (locomoción e outras).
- c.- Informe no que se describan as actividades realizadas e a relación coa súa formación académica, sendo esta unha condición indispensable para obter o recoñecemento das prácticas.

### **Lugares de notificación dos actos derivados da presente convocatoria**

O taboleiro de anuncios no que se publicará a resolución definitiva será o da Reitoría, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web <http://www.usc.es/ore>.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/11/ 992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2008

O REITOR

Por delegación de competencias resolución reitoral de 31 de xullo de 2007  
DOG, N° 182, do 19 de setembro de 2007

O vicerreitor de Relacións Institucionais



Lourenzo Fernández Prieto

